

CURSO 2020/2021

PLAN DE ORIENTACIÓN

CEIP PLURILINGÜE A
LAXE-FERROL



ÍNDICE:

1.-XUSTIFICACIÓN

- 1.1.-Marco Legal.
- 1.2.-Concepto de orientación.
- 1.3.-Necesidades Educativas.

2.-CONTEXTO

3. COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO

4.-OBXECTIVOS XERAIS

- 4.1.-Obxectivos referidos ó centro.
- 4.2.-Obxectivos referidos ó alumnado.
- 4.3.-Obxectivos referidos ó profesorado.
- 4.4.-Obxectivos referidos ás familias.

5.-ACCIÓNS PRIORITARIAS

6.-ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

- 6.1.-Asesoramento ó centro educativo.
- 6.2.-Participación das familias.
- 6.3.-Intervención na comunidade.
- 6.4.-Asesoramento para á innovación educativa.

7.-CRITERIOS DE UTILIZACIÓN DE SERVIZOS DE APOIO ESPECÍFICO

8.-RECURSOS COS QUE CONTAMOS

- 7.1.-Recursos humanos.
- 7.2.-Recursos materiais.

9.-METODOLOXÍA

10.-TEMPORALIZACIÓN

11.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

12.- CONCLUSIÓN

1. XUSTIFICACIÓN.

A xustificación do noso Plan de Orientación fundaméntase nunha base sólida de tres aspectos fundamentais: Do **marco legal** que regula a actuación da orientación, do propio concepto de **orientación** e as súas vertentes e das **necesidades** que xorden no **centro** e que dende a orientación se lle poden dar resposta.

1.1. Marco legal da orientación.

- **A lei Orgánica 1/1990**, de ordenación xeral do sistema educativo, no seu artigo 21, apartado 31, establece a atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional entre os principios ós que debe atender a actividade educativa. Neste senso a actual **Lei orgánica 2/2006** mantén unha posición continuísta respecto á orientación. Tendo en conta o anterior, no
- **Decreto 120/1998, do 23 de abril**, que regula a orientación educativa e profesional en Galicia créanse nos CEIPs e CEPs os DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN.
- **Orde 24 de xullo de 1998** (DOG do 31) pola que se establece a Organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia.
- **Orde do 27 de decembro de 2002**, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- **Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- **Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes** da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de educación.
- **Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa**, que establece instrucións xerais sobre o desenvolvemento de accións educativas.

1.2 Concepto de Orientación.

Entendemos a orientación coma unha función global da educación, dende a cal están implicados tódolos axentes da comunidade educativa: Orientador, Mestres especialistas, Mestres titores, Alumnado, Familias e Paraprofesionales (entendendo por isto membros de asociacións). Dende este concepto procurará proporcionárselle ó alumnado a axuda necesaria para que poida desenvolverse en tódolos aspectos coma persoa (de aí a unión indisoluble entre educación e orientación).

Así entendemos por **Orientación Psicopedagóxica**, de maneira xeral, coma un proceso de axuda dirixido a tódalas persoas, en tódolos seus aspectos e o longo de toda a vida. E por **Orientación Educativa** coma un proceso de axuda ó alumnado para facilitarlle a adaptación e o desenvolvemento persoal, axudándolle mais especificamente nos temas relacionados coa aprendizaxe e a adaptación á escola.

1.3. Necesidades Educativas.

Das necesidades que se extraen dos documentos que regulan á vida do centro, en concreto Proxecto Educativo de Centro e a Normativa de Organización e Funcionamento, así coma das distintas probas diagnósticas elaboradas ata o momento (de cariz externo e interno), a **nivel xeral** no alumnado tentarase aumentar o desenvolvemento das competencias básicas e emocionais, o nivel académico en xeral (facendo especial fincapé nas carencias amosadas en comprensión e expresión escrita, en lectura e habilidade matemática) e na mellora das técnicas de traballo intelectual, a través da acción titorial e orientación. E de **xeito específico** tentarase dar resposta, a través do proceso de ensino-aprendizaxe, as necesidades específicas de apoio educativo que se manifestan no centro, que serían: alumnado con altas capacidades, alumnado de incorporación tardía ó sistema educativo (con dificultades no coñecemento das linguas oficiais ou sen acadar un nivel de competencia curricular axeitado o curso onde se escolariza por lei) e alumnado con necesidades educativas especiais (asociadas á existencia de Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, Dificultades de Aprendizaxe, Problemas Condutuais,

Discapacidade Motora, Retraso Madurativo e Alteracións na linguaxe Oral e Escrita).

Poremos en marcha, dende o noso Departamento, unha serie de programas de diagnose do centro educativo, de tipo social e curricular, para poder axustar a intervención docente as verdadeiras necesidades do alumnado da nosa escola. Así continuaremos co plan de exploración psicopedagóxica do alumnado (explicitado no PAT), seguimento do estado das relacións entre o alumnado, profesorado e familias (con probas sociométricas, observación e interacción coa comunidade educativa e dinamización cos respectivos órganos de convivencia escolar e demais organismos que se sitúen ao abeiro do noso contexto) e seguimento das directrices que se nos marquen dende os distintos organismos da consellería. As necesidades extraídas ata o momento serían:

- Necesidade de promover e traballar as competencias emocionais e sociais.
- Necesidade de mellorar a comprensión lectora do alumnado. Necesidade de mellorar a expresión escrita do alumnado en xeral.
- Necesidade de impulsar a competencia matemática.
- Necesidade de mellorar a coordinación e cooperación de niveis, e etapas.
- Necesidade de mellorar os hábitos e técnicas de estudo e a aprendizaxe comprensiva e o longo de toda a vida.
- Necesidade de mellorar a prevención das necesidades.

2. CONTEXTO

A xustificación contextual do noso POA, está fundamentada no Proxecto Educativo (PE) da nosa escola nos seus diferentes aspectos. O CEIP Almirante Juan De Lángara y Huarte ten "orientación compartida", sendo este o Centro Base, co noso centro CEIP PLURILINGÜE A LAXE e co CEIP PAZOS.

En canto, a estrutura do DO no curso 2020-2021 quedaría composto do seguinte xeito:

-Xefe do Departamento: Sonia Fustes Martínez, substituindo nestes momentos á titular, Raquel Cabanas Porto..

-Mestra de Audición e Linguaxe (preferente): Laura Varela Maceiras, substituindo a Gemma Breijo Calvo

-Mestra de Pedagogía Terapéutica: Patricia M^a Cons Formoso

-Mestra de Ed. Infantil: Rocío Monterroso Dopico

Contamos ademais coa colaboración e participación do equipo directivo, que aínda que non constan como membros oficias, si participaran activamente neste departamento:

-Directora: Patricia M^a Cons Formoso.

Na procura dunha coordinación que permita o bo desenvolvemento das funcións e tarefas tanto do departamento de orientación como do centro en xeral.

3. FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

Seguindo as directrices da Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, ao largo do escolar levaranse a cabo unha serie de reunións que quedan organizadas da seguinte forma:

- **Reunión semanal, mensual e trimestral** do Departamento de Orientación, repartido de xeito equitativo nos tres diferentes centros aos que a orientadora pertence e garantindo, ao menos, unha tarde ao mes en cada un deles.
- **Reunións de coordinación co equipo directivo**: para tratar todos aqueles aspectos puntuais referidos ao departamento: establecer aspectos organizativos, elaborar informes segundo as necesidades que vaian xurdindo.
- **Reunión coas familias**: para recadar información sobre o alumnado obxecto de atención cara a unha posible avaliación, para solicitar o consentimento da avaliación psicopedagóxica, para informalos e orientalos sobre aspectos puntuais do seu interese referidos ao desenvolvemento do alumno/a.
- **Reunións de coordinación cos titores e profesorado**: Realizaranse xuntanzas cos equipos de ciclo, de nivel, profesorado que atende aos alumnos con necesidade educativa de apoio específico, nos momentos que sexan precisos e tendo en conta a dispoñibilidade horaria dos mestres e titores.

O resto do horario da xefa do D.O. dedicarase a elaboración de documentos, diagnósticos, reunións, recepcións de pais e nais así como de alumnos (de acordo coa Dirección e a Xefatura de Estudos), reunións da comisión de coordinación pedagóxica, reunións cos equipos didácticos e outras actividades que poidan xurdir nos tres centros, tendo este horario un carácter totalmente flexible.

4. OBXECTIVOS XERAIS

4.1-Obxectivos referidos ó Centro.

4.1.1.- Colaborar no desenvolvemento do Proxecto Educativo e conseguir que o plan de orientación sexa un instrumento máis no documento de Concreción Curricular.

4.1.2.- Contribuír a dinamizar e planificar a organización psicopedagóxica e metodolóxica.

4.1.3.- Cooperar coa comunidade educativa (equipo directivo, profesorado, ANPA, comisións) e axentes externos (institucións, ONG´s, Servizos Sociais, E.O.E...), favorecendo canles de comunicación e actuación (*sempre que o Protocolo de Protección de Datos da Consellería o autorice e cando se garantan as medidas de seguridade ditadas polas autoridades sanitarias con motivo da COVID-19*).

4.1.4.- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas participes da orientación educativa.

4.1.5. Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico as actividades de orientación e titoría.

4.1.6. Contribuír á colaboración entre o Departamento de Orientación e o do IES Canido ó que está adscrito.

4.2.- Obxectivos referidos ó alumnado.

4.2.1- Contribuír á individualización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando a compensación de desigualdades, minimizando o risco de exclusión social...

4.2.2- Procurar a inclusión do alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo.

4.2.3.- Implementar un plan de convivencia realista, dende a planificación da acollida ó alumnado estranxeiro e de nova incorporación, ata a inclusión da atención multicultural (coñecemento e aceptación do abano de culturas insertas no centro), e a incorporación e inmersión nos aspectos positivos doutras culturas.

4.2.4.- Organizar os apoios ó alumnado que precise atención específica (reforzo educativo ou Adaptación Curricular) dentro dos niveis , en colaboración coa dirección, tendo en conta a dispoñibilidade horaria do profesorado.

4.2.5.- Proporcionar orientación educativa incidindo no asesoramento académico ós alumnos en transito de etapa.

4.2.6.- Aplicar unha acción orientadora de carácter preventiva y compensadora, favorecedora do desenvolvemento persoal dos alumnos/as.

4.2.7.- Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, incluídas no propio currículo.

4.2.8.- Desenvolver programas de adquisición das competencias emocionais e desenvolvemento persoal.

4.2.9.- Identificar na avaliación psicopedagóxica as dificultades e altas capacidades dos alumnos/as, deseñando programas de intervención e medidas educativas.

4.2.10.- Favorecer e fomentar as actitudes de cooperación e axuda os demais, desenvolvemento da empatía e Habilidades Sociais (xa se estaba a realizar o curso pasado, mediante un Obradoiro)

4.2.11.- Realizar a detección/ prevención de necesidades educativas mediante programas, para tódalas etapas que abrangue a nosa escola.

4.3.- Obxectivos referidos ao profesorado.

4.3.1.- Coordinar a actuación dos titoras, do profesorado de apoio e do orientadora, para dar resposta ás NEAE do alumnado.

4.3.2.- Coordinar o proceso de avaliación psicopedagóxica, e a transmisión de información os titores, o alumnado e ás familias.

4.3.3.- Colaborar co equipo directivo no asesoramento aos equipos docentes; o equipo directivo en temas de avaliación, promoción e titulación; coñecendo as

posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas que delas se derivan. Asesoramento ao alumnado e as súas familias. Dar apoio no referido á avaliación inicial de dito alumnado e nos criterios de avaliación formativa.

4.3.4.-Promover a colaboración entre o profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.

4.3.5.-Asesorar e apoiar os titores nas necesidades que lles vaian xurdindo no desempeño da función tutorial.

4.3.6.-Desenvolver unha das principais funcións do DO, o asesoramento, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas ó profesorado, que poidan favorecer o seu labor docente e tutorial.

4.3.7.-Facilitar ós profesores apoios e asesoramento para que os alumnos con NEAE estean integrados en todo momento na vida do centro.

4.3.8.-Asesorar ós titores e mestres, na realización das Adaptacións curriculares e Reforzos e calquera outra medida de atención á diversidade que leven a cabo (Orde 06 de Outubro de 1995 e D. 229/2011). Ademais de valorar a realización destas medidas .

4.4.- Obxectivos referidos ás familias.

4.4.1.-Promover a colaboración familiar con actividades informativas e orientadoras que as impliquen na educación regrada.

4.4.2.-Establecer reunións periódicas individuais e/ou colectivas*, asumindo conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as (sempre que as condicións sanitarias o permitan e coas medidas de seguridade recollidas no Protocolo COVID do CEIP)

4.4.3.-Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.

4.4.4.-Asesorar/apoiar as familias no proceso de ensinanza aprendizaxe dos menores, promovendo un crecemento e evolución harmónicas, e unha inclusión plena no centro e na sociedade.

4.4.5.- Implicar ás familias na toma de decisións educativas e facéndoas un axente dinámico mais do proceso educativo.

5. ACCIÓNS PRIORITARIAS

A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realistas e efectivas, en consecuencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e tras a análise das necesidades da nosa comunidade educativa, que parte *da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia*, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da nosa acción orientadora, no sentido de establecer ámbitos de actuación preferente dentro das accións que o departamento ten determinadas.

Os **principios** que rexerán a orientación no noso centro iran en consonancia coa: prevención ou accións propedéuticas, mediante programas, o desenvolvemento das potencialidades dos alumnos/as, unha educación de calidade para todas/os, a cooperación, coherencia educativa e corresponsabilidade, facendo as avaliacións e intervencións individuais sentidas coma necesidades pola comunidade educativa e a intervención propiamente dita nos alumnos/as que presenten NEAE.

As **accións prioritarias** serán:

- Constituír o DO debidamente, explicitando as súas funcións e liñas de actuación reflectidas no plan de actividades que será remitido á inspección educativa..
- Apoiar e mellorar o proceso de ensinanza aprendizaxe
- Manter unha liña de actuación e filosofía educativa cos centros de influencia da zona, en especial co IES ao que estamos adscritos.
- Dar a coñecer a comunidade educativa, a través dos distintos medios (Claustro, CCP, reunións...), as liñas de actuación do DO e decisións tomadas.
- Velar polo Plan Xeral de Atención a diversidade (Tal e coma se establece no Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes

da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio de Educación) onde se expliciten os apoios, métodos e formas de atender ó alumnado que presenta NEAE e ó alumnado en xeral. Centralizando neste os criterios de atención á diversidade que se leven a cabo no centro.

- Respectar os criterios para proporcionar servizos de apoio.
- Facer valer o lexislado en relación ó alumnado co NEAE
- Realizar as necesarias avaliacións psicopedagóxicas marcando o procedemento necesario.
- Reflexionar co profesorado e asesorar sobre os criterios a adoptar na promoción ou permanenza nun curso.
- Elaboración, aplicación, desenvolvemento e avaliación do PAT para a EI e EP segundo as necesidades detectadas.
- Establecer reunións cos pais e nais para informar sobre as accións do DO, na mellora da calidade educativa do centro, vía presencial ou non presencial.
- Promover unhas axeitadas relacións cos axentes externos que colaboran co noso centro.
- Consensuar e avaliar tódolos proxectos implementados na escola.

As accións prioritarias terán un carácter global e serán interdependentes na planificación e na execución das mesmas.

6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Os ámbitos de intervención que nos ocupan dun xeito xeral serán:

- Mellora do proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- Fomentar o desenvolvemento das Competencias , en xeral.
- Avaliar as capacidades xerais do alumnado.
- Compensar a través de programas e da acción titorial as carencias que poida ter o alumnado en xeral.

6.1.- Asesoramento ó centro educativo.

Na tarefa do departamento de orientación no canto do asesoramento cara o centro educativo, estaría:

PLAN DE ORIENTACIÓN

- Asesorar os alumnos, familias, titores e equipos de ciclo na organización da orientación educativa participando na elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación das distintas actividades que se leven a cabo no centro relacionadas coa orientación e acción tutorial.
- Realizar a intervención psicopedagóxica especializada para optimizar as medidas de atención á diversidade.
- Asesorar, dentro da CCP, como membros que somos da mesma, nos procesos de elaboración, avaliación e revisión dos proxectos de centro.
- Informar e asesorar á comunidade educativa no relativo a mellora da calidade dos procesos de ensinanza aprendizaxe, e na posta en marcha de medidas xerais, de reforzo, apoio e atención á diversidade.
- Promover a toma de conciencia da educación coma a actuación dun equipo de profesores, en coordinación e non a suma de individualidades.
- Promover grupos de traballo que actualicen, melloren e inviten a reflexión da nosa práctica docente.
- Aportar plans, proxectos , programas... que melloren as circunstancias e calidade educativa.

- Favorecer e promover unhas axeitadas e fluídas relacións dende o plantexamento sistémico entre a escola e outros ámbitos de influencia.

6.2.-Participación das familias e formación dos pais/nais en colaboración coas ANPAS.

- Incidir na colaboración, entre o centro educativo e as familias, asesorando a través do modelo de programas.
- Orienta-los pais para que faciliten o desenrolo social e académico dos alumnos/as con NEAE.
- Coordinar as intervencións entre titores e familias.

6.3.- Intervención na comunidade.

- Coordina-la intervención das distintas institucións que inciden na atención á diversidade e que o Protocolo da Consellería permita.
- Promove-la inclusión das actividades do centro dentro da comunidade onde se ubica, sempre que a situación sanitaria o permita ao longo deste curso, 2020-2021.

6.4.- Asesoramento para á innovación educativa.

- Promove-la innovación e investigación na acción educativa.
- Promove-la cooperación do profesorado e o intercambio de experiencias educativas.
- Elaboración de material de asesoramento psicopedagóxico e apoio ó alumnado.

7. CRITERIOS DE UTILIZACIÓN DE SERVICIOS DE APOIO ESPECÍFICO

Baixo a perspectiva do **Decreto 229/2011, do 7 de Decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o artigo 7 do Decreto 120/98 do 23 de Abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, o orientador/a do centro xunto cos mestres/as de A.L e PT do centro estableceran o horario de atención ao alumnado con NEAE Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios partindo sempre das necesidades máis graves e permanentes e intervindo una vez detectadas ditas NEAE.

1. Atenderase a aquel alumnado con necesidades educativas permanentes con informe do D.O, E.O.E e servizos externos.
2. Atenderase ao alumnado obxecto dunha ACS (Adaptación Curricular Significativa).
3. Alumnado de 2º de Ed. Primaria que non iniciase o proceso lecto-escritor previo informe psicopedagóxico.
4. Atenderase ao alumnado cun Informe daquelas materias instrumentais suspensas e/ou tras ser obxecto doutras medidas ordinarias (RE por parte do titor/a):
5. Alumnado repetidor que presente NEAE.
6. Alumnado con materias instrumentais suspensas.
7. Outro alumnado que requira unha atención específica previa valoración (avaliación psicopedagóxica) polo DO.

8. RECURSOS COS QUE CONTAMOS

8.1.-Recursos humanos.

- **Mestres das distintas especialidades** que compoñen ó centro educativo.

- **Departamento de Orientación constituído**, con unha mestra de Pedagogía terapéutica, unha mestra de Audición e Linguaxe preferente, a xefa do departamento de orientación (compartida con outros 2 centros educativos) e a directora do centro, que á súa vez, é a Especialista de Pedagogía Terapéutica.

8.2.-Recursos materiais.

- PE e PXA.
- Escalas de observación e tests psicométricos.
- Fichas acumulativas e expediente do alumnado.
- Material escolar e de reforzo.
- Bibliografía específica sobre os aspectos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.

9. METODOLOXIA

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de tódolos/as implicados/as no mesmo.

Debemos ter en conta que, este curso, ven condicionado pola situación sanitaria mundial que se está a vivir coa pandemia, polo que todo quedará condicionado á evolución da mesma e ás instrucións que se nos vaian ditando as autoridades educativas e as sanitarias. É imprescindible que a nosa labor se vexa o menos alterada posible, polo que, de non poder levarse a cabo nas condicións que se estaban a realizar, trataremos de adaptalo á situación e ás normas recollidas no noso Protocolo de adaptación, dispoñible na web do centro.

O desenvolvemento das actividades deberá estar baseado nas seguintes estratexias metodolóxicas:

Traballo cooperativo estruturado desenvolvido en :

- Reunións colectivas:

- Equipo de titores/as de nivel coas familias (vía videoconferencia ou telefónica, sempre que sexa posible)
- Titor/a con familias (vía non presencial, sempre que sexa posible)
- Reunións do equipo docente.
- Xuntas de avaliación.

PLAN DE ORIENTACIÓN

- Reunións do Departamento de Orientación
- Claustro, CCP, consello escolar.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P).

-**Reunións individuais** entre os diferentes membros da comunidade educativa (titores, especialistas, familias) e axentes externos á mesma (asociacións, terapeutas que poidan estar tratando a un determinado alumno/a...) a través de entrevistas para intercambios de información.

10. TEMPORALIZACIÓN

Dos obxectivos formulados neste Plan de Orientación establécese unha temporalización dos mesmos e transformación en actividades, necesarias para o seu desenvolvemento e consecución, que sería:

ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	
1º TRIMESTRE	<p>Seguimento de alumnado obxecto de reforzo/AC. Colaboración con mestres e familias (de acordo cos distintos plans de centro e PXAD, en concreto).</p> <p>Realización de informes para becas para ao alumnado susceptibles de obtelas.</p> <p>Realización do plan de actividades do DO</p> <p>Seguimento e avaliación: período de adaptación e inicial (revisión expedientes novas incorporacións)</p> <p>Valoración de alumnado con NEAE, neste curso.</p> <p>Entrevistas cos titores/as e especialistas</p> <p>Entrevistas coas familias.</p> <p>Entrevistas con axentes externos.</p> <p>Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos, asociacións, etcétera</p> <p>Manter unha liña clara de colaboración co DO do IES Canido, do que dependemos directamente.</p> <p>Establecer liñas de actuación coherentes cos demais</p>

	<p>Departamentos de Orientación da comarca de Ferrolterra. Desenvolvemento dos plans de convivencia e de acollida. Participar nas sesións de avaliación. Revisión e compra de material. Actualización da documentación do departamento: rexistros de seguimento, avaliación, etcétera Coordinación PT e AL. Aplicación do PAT.</p>
2º TRIMESTRE	<p>Seguimento de NEAE e absentismo Atención á diversidade no PE Valoración de novos casos de alumnos con posibles NEAE Revisión dos Informes Psicopedagóxicos que teñan mais de dous anos. Entrevistas cos titores/as e especialistas Posta en común cos titores, no caso que se requira, dos criterios para pasar de etapa Desenvolvemento de competencias emocionais, a través da acción titorial. Participar nas sesións de avaliación Reposición de material Colaboración na avaliación diagnóstica extraordinaria. Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que atendan alumnado da nosa escola e/ou que sigan unha filosofía similar (inclusiva e normalizadora) Manter as liñas de colaboración cos Departamentos de Orientación dos centros educativos de Ferrolterra, e co DO do IES Canido. Aplicación dos distintos programas que conforman ó PAT.</p>
3º TRIMESTRE	<p>Seguimento das NEAE que se manifestaron ó longo do curso e dos posibles casos de absentismo escolar. Valoración de novos casos de alumnos que poidan presentar NEAE.</p>

	<p>Recollida de datos ás familias do alumnado que se incorporara en 3 anos da Educación Infantil.</p> <p>Entrevistas cos titores/as e especialistas.</p> <p>Entrevistas coas distintas institucións/asociacións que atendan ó alumnado da nosa escola.</p> <p>Aplicación do PAT.</p> <p>Informes finais.</p> <p>Memoria do departamento de orientación</p> <p>Becas e axudas para os alumnos que as demanden.</p> <p>Participar nas sesións de avaliación</p> <p>Manter as liñas de colaboración cos Departamentos de Orientación dos centros educativos de Ferrolterra, e co DO do IES Canido.</p> <p>Informe dos alumnos de 6º curso e programar unha visita dos mesmos ós IES da nosa zona de influencia* (promovendo o asesoramento e favorecendo o futuro cambio de etapa), sempre que se garantan as medidas de seguridade.</p> <p>Asesorar na promoción do alumnado, en xeral, e do alumnado con NEAE, en particular.</p> <p>Mantemento reposición e adquisición de material.</p>
--	--

11.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN

Partiremos dunha concepción da avaliación continua, formativa e autoformativa, democrática, individualizada e que pretende mellorar a situación do alumno. Dende as circulares 17/2006, 18/2007 e a actual 10/2010 na que xa se propón un maior seguimento dos plans de orientación e dos alumnos NEAE.

Criterios de avaliación: adaptaranse os obxectivos e contidos propostos:

- Grado de consecución dos obxectivos xerais do plan.
- Grado de coordinación entre os membros da comunidade educativa.
- Autoavaliación do traballo dos compoñentes do DO.
- Grado de satisfacción da comunidade educativa.
- Ter en conta a avaliación dos procesos de realización do plan de orientación (inicial, procesual y final).

PLAN DE ORIENTACIÓN

Os **momentos da avaliación** serán dous:

- Ó longo do curso académico, a través das reunións propostas no DO, e aportación dos demais membros da comunidade educativa.
- Na memoria final de curso do DO.

12. CONCLUSIÓN

Neste Plan de Orientación pretendeuse dar un enfoque comprensivo ó feito educativo e promover a inclusión, integración e normalización de tódolos alumnos que forman parte do CEIP PLURILINGÜE A Laxe.

Dende a acción orientadora e educativa pretendemos desenvolver principios coma equidade e individualización nos aprendizaxes adaptándonos as características dos alumnos e partindo dos seus coñecementos e saberes; a funcionalidade para aplicar o que saben á vida diaria; cooperación e comunicación entre tódolos axentes que interveñen nos procesos de e/a.

A inclusión de tódolos alumnos/as, debe ser o ideal a perseguir polo docente, tanto na escola coma na sociedade (Coll, 2003).

Ó remate do curso escolar avaliarase o Plan anual de actividades. Quedará plasmado na Memoria, onde se reflectirán os logros conseguidos , así como as dificultades atopadas e tamén os aspectos que incidan positiva e negativamente no desenvolvemento do mesmo.

Vto. e prace da directora do Centro

Xefa do Dpto. de Orientación.

Dona Patricia Cons Formoso

Sonia Fustes Martínez

En Ferrol a 29 de setembro de 2020